

**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE
AGUIAR**

Acta de constitución do tribunal cualificador

Categoría: Peón forestal

(Nº Postos de traballo que se convocan: 4)

No Salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de O Pereiro de Aguiar, sendo as 12:00 horas do día 13 de xuño de 2023, procédese á constitución do Tribunal que vulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de catro (4) prazas de peón forestal (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas por Resolución da Alcaldía do día 31 de maio de 2023, e posteriormente publicadas no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 1 de xuño de 2023.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal e realización das probas publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 9 de xuño de 2023.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

- Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, secretario– interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Secretaria : María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar
- Vogais: José Antonio González Gallego, encargado de Obras e Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
José Antonio Rodríguez Barros, operario de Servizos Varios Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Na realización dunha proba de coñecementos (no día da data) consistente nun cuestionario tipo test de 10 preguntas, 2 de reserva, con 4 respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 8 das bases), a realizar nun tempo máximo de 15 minutos.
A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 para aprobar.
As respostas non contestadas non terán valoración.
As respostas erróneas non penalizan.
2. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 10 minutos.
Estarán exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (1 para 5)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 13/06/2023
HASH: e526107c0907eb6832af9fb22fb9f2



YAJAIRA LAGE BLANCO (2 para 5)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
Data de Sinatura: 13/06/2023
HASH: aa4808b1138ba15c656f7c8d1fd9e33d



María del Pilar Conde Lorenzo (6 para 5)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
Data de Sinatura: 13/06/2023
HASH: 532068373e6b6e94140a132f99c28f46





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 12:05 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/as vogais,

JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GALLEGO (4 para 5)
ENCARGADO SERVICIOS VARIOS
Data de Sinatura: 13/06/2023
HASH: 7a1148cdfb58244522141a063a8f3eae4



JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ BARROS (5 para 5)
Obras e servizos
Data de Sinatura: 13/06/2023
HASH: 1fae4ac2bcb441f69492a211e49f65f84

